




FERVENZAS DO RÍO SEIXO

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: Cerdedo-A Cavadosa-7 km


A pé: 5 km

Dificultade: media

Duración: 3 horas

Unha ruta desde Cerdedo á Cavadosa seguindo o río Seixo para coñecer varias fervezas e pozas. Podemos completala coa visita á ponte romana da Cavadosa.

O río do Seixo baixa da serra do Cando (monte do Seixo) por un estreito val no que se encaixa formando abundantes rápidos, pozas e pequenos saltos.



1-Pozo Fumegas

En Meilide (Cerdedo), varios saltos, o máis grande ten 4 m de altura e forma unha poza nun contorno no que se atopan muíños abandonados. Na beira do río, ao pé da ponte, atópanse algúns exemplares de carballos de gran porte.

COMO CHEGAR: en Meilide, en fronte da capela, un camiño empredrado que segue a ruta do Pai Sarmiento baixa ata o río. Crúzase a ponte e remóntase o río uns 600 m.



2- Freixa da Cavadosa

Na parroquia e concello de Cerdedo, case na fronteira con Cotobade. No camiño vello que cruza o río pasando por dentro da aldea atópase a ponte romana.

COMO CHEGAR:

Na Cavadosa, desde a ponte que cruza o río, vense varios saltos de diferentes alturas. As máis interesantes están río arriba.

3- Pozo Sangoento

O río do Seixo forma unha ampla poza na que cae formando unha ferverza de 5 m de altura. Varias lendas falan da Serpe Bichoca que vive na poza e garda un tesouro; os que tentan collelo morren.

COMO CHEGAR:

Desde A Cavadosa séguese río abaixo ata chegar ao pozo que se pode rodear con certa dificultade pola marxe esquerda.



Cavadosa



Pozo Sangoento